

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 03-09-2021

Data final de exposición: 03-11-2021

O Porriño, a de de

**DONA EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).**

EXP: 3111/2021

DECRETO.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Decreto número 2021-1566 de data 06-07-2021 polo que se resolveu:

-Aprobar as Bases, en todos os seus termos, do proceso de selección dun traballador/a social, con carácter interino, para a execución do programa de carácter temporal, cuxo obxecto é o seguinte:

“O obxecto destas bases é a urxente selección e contratación laboral temporal mediante a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, para a execución do programa de carácter temporal que a continuación se dirá, subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (expediente: BS623A 2020/000290-0).

De conformidade co establecido no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 2 R.D. 2720/1998, a persoa seleccionada, será contratada temporalmente, traballador social, asimilado ao grupo de clasificación profesional, para a execución do “Programa especial COVID-19. de atención a persoas problemáticas específicas agravadas pola pandemia” de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes, que finalizará o 31 de decembro do 2021, e que ten por obxecto atender a todas as persoas ou familias que se atopen en distintas situacións de necesidade económica, social ou familiar agravadas dende o confinamento, estando dirixido a persoas con precariedade económica por falta de emprego, e a persoas maiores que como consecuencia do peche temporal dos recursos aos que asistían, tales como Centro de Día, Afaa, Talleres terapéuticos (Tempo para Nos), etc., están en situación de exclusión.”

-Proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, e un anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, computándose o prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso dende a publicación no Faro de Vigo.

2. Base 8ª das referidas bases que establece:

“As presentes bases publicáranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, e un anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, computándose o prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso dende a publicación no Faro de Vigo.”

Eva García de la Torre (1 para 2)
Alcalde/a
Data de Sinatura: 03/09/2021
HASH: e8da1f5959a65a711d06694c5b6db



DANIEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (2 para 2)
Secretario Accidental
Data de Sinatura: 03/09/2021
HASH: 00074b7ca43326689e71850899df355



DECRETO
Número: 2021-2077 Data: 03/09/2021



Cod. Validación: 9EA3H3A2ZT1TAC3QZ2PA6SZSHZ | Corrección: <http://sede.oporrino.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10

3. Consta no expediente electrónico núm. 3111/2021 que as devanditas bases foron publicadas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, e un anuncio da convocatoria no Faro de Vigo de data 07-07-2021.

4. Escrito rexistrado de entrada o día 5 de agosto de 2021 co número 2021-E-RE-3806, formulado por MIRIAN RODRIGUEZ SIERRA, en representación do COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA, mediante o cal solicita:

Que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo, e téñase por interposto en tempo e forma RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN fronte as Bases do proceso de selección para contratación dun/ha traballador/a social no departamento de Servicios Sociais do Concello de Porriño, ditando no seu día Resolución pola que se declare a NULIDADE da BASE OITAVA en virtude dos argumentos expresados no corpo do presente escrito."

5. Con data 13-08-2021, publicouse, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, o correspondente trámite de audiencia aos demais interesados, para que puideran alegar o que estimasen oportuno con respecto ao recurso de reposición formulado, sen que haxan feito uso da facultade concedida.

6º. Emitiuse o informe técnico oportuno con proposta de resolución.

Aos anteriores antecedentes de feitos son de aplicación os seguintes,

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Procede desestimar o recurso de reposición, formulado polo Colexio oficial de traballo social de Galicia por falta de lexitimación activa o carecer o recorrente de interese lexítimo para recorrer, sen entra no fondo do asunto con base nos seguintes argumentos extraídos da abundante doutrina sentada polos Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional, que é aplicable ao presente caso:

1. Os Colexios profesionais son, de conformidade co artigo 1 da Lei 2/1974, de 13 febreiro, "*Corporaciones de derecho público, amparadas por la ley y reconocidas por el Estado, con personalidad jurídica propia y plena capacidad para el cumplimiento de sus fines*". Están dirixidos non só á consecución de fines estritamente privados, o que podería conseguirse coa simple asociación, senón esencialmente a garantir que o exercicio da profesión (que constitúe un servizo ao común) se axuste ás normas ou regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, que, en principio, por outra parte, xa garantiuno o Estado con a expedición do título habilitante (STC 89/89, de 11 de maio -RTC 1989, 89-, FJ 5).

O artigo 1.3 indica que son fins esenciais dos mesmos "*la ordenación del ejercicio de las profesiones, la representación exclusiva de las mismas y la defensa de los intereses profesionales de los colegiados, todo ello sin perjuicio de la competencia de la Administración Pública por razón de la relación funcional*"; e o artigo 5.g) engade que "*corresponde a los colegios profesionales la función de ostentar, en su ámbito, la representación y defensa de la profesión ante la Administración, instituciones,*

Data: 03/09/2021

Número: 2021-2077

DECRETO



Codi. Validación: 9EA3H3A2TZT7TAQ3QJZPA5ZSHZ | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10

Tribunales, entidades y particulares, con legitimación para ser parte en cuantos litigios afecten a los intereses profesionales y ejercitar el derecho de petición, conforme a la ley, sin perjuicio de lo dispuesto en el art. 1.3 de esta Ley".

2. Neste caso o Colexio oficial de traballo social de Galicia recorre en concreto a base oitava porque considera que os medios de publicidade establecidos na mesma non resultan suficientes para dar cumprimento a o principio de publicidade, así pois consideramos que o devandito colexio está recorrendo una materia que non afecta directamente aos intereses profesionais de seus colexiados e xa que logo, carece de lexitimación para recorrer. Non se trata dun suposto no que se exclúa a un determinado colectivo dun proceso de selección, nin que se esixan certos requisitos en prexuízo de certos profesionais, ou que se prime a uns respecto a outros, senón que se trata de si se respectou ou non o principio de publicidade no proceso electivo i e evidente que si dada a concorrencia de aspirantes presentados e admitidos (12) que permitiu efectuar a selección e contratación de acordo cos principios de mérito e capacidade, sen que por outra parte ningún dos aspirante fixese algunha alegación ou impugnación ao respecto durante o proceso selectivo, nin agora no procedemento deste recurso de reposición no trámite de audiencia que se lles ofreceu.

O recorrente co seu recurso mostra un interese de mera legalidade ao impugnar os medios de publicidade establecidos na base oitava recorrida invocando un normativa que no é de aplicación a este tipo de procedementos urxentes e áxiles, moi usados pola Administración para contratacións de persoal temporal, nos que se ten por cumprido o principio de publicidade coma ocorre no presente caso coa publicación das bases e do anuncio da convocatoria (inxerido no Faro de Vigo) en medios electrónicos e telemáticos como son a sede electrónica e páxina web municipal www.oporrino.org do Concello do Porriño, que son áxiles e rápidos para dar cumprimento a intención do lexislador que o que quere é que se seleccione de forma urxente, porque o laboral temporal é un persoal que se precisa pronto e iso require un proceso selectivo perentorio. O recorrente actúa así como defensor xenérico da legalidade e non como defensor dun interese colectivo cuxa tutela lle estea expresamente atribuída polo lexislador.

3. A función de defensa e protección dos intereses da profesión e dos seus colexiados non é bastante para recorrer calquera acto administrativo, aínda que este poida ter algunha incidencia no exercicio da profesión. É necesario que se produza una conexión directa i específica entre o acto impugnado e o estatuto da profesión, que aquí no se da. O único interese apreciable no Colexio recorrente é un interese de mera legalidade que, como xa quedou dito, é insuficiente para soste a pretensión anulatoria.

O dito axustase así mesmo á doutrina sentada polo Tribunal Constitucional ao estudar a lexitimación dos Sindicatos, e que es perfectamente aplicable aos Colexios Profesionais. En sentencias por exemplo de 13 de setembro de 2004 e de 12 de xullo de 2004 se parte de un recoñecemento abstracto ou xeral para impugnar en vía xurisdiccional Contencioso-Administrativa decisións que afecten aos traballadores, funcionarios públicos e persoal estatutario, pois cando a Constitución e a Lei os invisten coa función de defender os intereses dos traballadores, os lexitiman para exercer aqueles dereitos que, aínda pertencendo en puridade a cada uno dos traballadores, sexan de necesario exercicio colectivo, en virtude dunha función de representación que o sindicato ostenta por si mesmo.



A devandita sentença do TC. Sala 1ª, de 13-9-2004, nº 142/2004 resume a doutrina do tribunal sobre esta matéria e estabelece:

“La cuestión de la legitimación activa de los sindicatos en el orden contencioso-administrativo ha sido ya objeto de diversos pronunciamientos por parte de este Tribunal que han conformado un cuerpo de doctrina jurisprudencial consolidada y estable. Esta doctrina, tal y como ha sido recogida en la STC 112/2004, de 12 de julio, FJ 4, con remisión a otras anteriores (SSTC 101/1996, de 11 de junio, FJ 2, 7/2001, de 15 de enero, FFJJ 4 y 5; y 24/2001, de 29 de enero, FJ 3, puede resumirse en los siguientes puntos:

a) Debemos partir; en primer lugar, de un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar ante los órganos del orden jurisdiccional contencioso-administrativo decisiones que afecten a los trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Como afirmamos en la STC 210/1994, de 11 de julio, Los sindicatos desempeñan, tanto por el reconocimiento expreso de la Constitución (arts. 7 y 28) como por obra de los tratados internacionales suscritos por España en la materia (por todos, Pacto Internacional de Derechos Económicos, Sociales y Culturales, art 8 o arto 5, parte 11, Carta social europea), una función genérica de representación y defensa de los intereses de los trabajadores que, como ya ha sostenido la doctrina de este Tribunal, no descansa solo en el vínculo de la afiliación, sino en la propia naturaleza sindical del grupo. La función de los sindicatos, pues, desde la perspectiva constitucional, “no es únicamente la de representar a sus miembros, a través de los esquemas del apoderamiento y de In representación del Derecho privado. Cuando la Constitución y la Ley los invisten con la función de defender los intereses de los trabajadores, les legitiman para ejercer aquellos derechos que, aun perteneciendo en propiedad a cada uno de los trabajadores uti singulus, sean de necesario ejercicio colectivo” (STC 70/1982, FJ 3), en virtud de una función de representación que el sindicato ostenta por sí mismo, sin que deba condicionarse necesariamente su actividad a la relación de pretendido apoderamiento ínsita en el acto de afiliación, que discurre en un plano diverso del de la acción propiamente colectiva (SSTC 70/1982, 37/1983, 59/1983 s 187/1987 EDJ 1987/1866 217/1991 , entre otras). Por esta razón, es posible reconocer en principio legitimado al sindicato para accionar en cualquier proceso en que estén en juego intereses colectivos de los trabajadores” (STC 210/1994, de 11 de Julio, FJ 3). Queda así clara “la relevancia constitucional de los sindicatos para la protección y defensa, incluso jurisdiccional, de los derechos e intereses de los trabajadores” (STC 7/2001, de 15 de enero, FJ 5).

b) Ahora bien, desde la STC 101/1996, de 11 de junio, venimos exigiendo que esta genérica legitimación abstracta o general de los sindicatos, reconducible a su relevancia constitucional, se proyecte de un modo particular sobre el objeto de los recursos que entablen ante los Tribunales mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada. Y ello porque, según recordamos allí, citando de nuevo la STC 210/1994, de 11 de julio, FJ 4 s “la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que este pretenda hacerse valer. Se trata, en definitiva, de aplicar a estas personas jurídicas asociativas singulares la misma exigencia que se aplica a cualquier otra persona física o jurídica para reconocerle la posibilidad de actuar en un proceso: ostentar interés legítimo en él. Por tanto, concluimos en la STC 101/1996, de 11 de junio, la legitimación procesal del sindicato en el orden jurisdiccional contencioso-administrativo, en cuanto aptitud para ser parte en un proceso concreto o legitimatio ad causam, “ha de localizarse en la noción

DECRETO

Número: 2021-2077 Data: 03/09/2021



Cod. Validación: 9EA3H3A2T1TA03QJZPA5ZSHZ | Corrección: https://opinio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xesliona.es | Páxina 4 a 10

de interés profesional o económico; interés que ha de entenderse referido en todo caso a "un interés en sentido propio, cualificado o específico" (STC 97/1991, FJ 2 con cite de la STC 257/1988). Interés que, doctrinal y jurisprudencialmente, viene identificado en la obtención de un beneficio o la desaparición de un perjuicio en el supuesto de que prospere la acción intentada, y que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial" (STC 101/1996, de 11 de junio, FJ 2).

c) En definitiva, hemos señalado con reiteración que para poder considerar procesalmente legitimado a un sindicato no basta con que este acredite /a defensa de un interés colectivo o la realización de una determinada actividad sindical, dentro de lo que hemos denominado "función genérica de representación y defensa de los intereses de los trabajadores" (STC 101/1996, de 11 de junio, FJ 2). Debe existir, además, un vínculo especial y concreto entre dicho sindicato (sus fines, su actividad, etc.) y el objeto del debate en el pleito de que se trate, vincula o nexo que habrá de ponderarse en cada caso y que se plasma en la noción de interés profesional o económico, traducible en una ventaja o beneficio cierto, cualificado y específico derivado de la eventual estimación del recurso enjuiciado (SSTC 7/2001; de 15 de enero, FJ 5; Y 24/2001, de 29 de enero, FJ 5)."

4. Agora ben, desde a STC 101/1996, de 11 de xuño (RTC 1996, 101), veuse esixindo que esta xenérica lexitimación abstracta ou xeral dos sindicatos se proxecte dun modo particular sobre o obxecto dos recursos que interpoña ante os Tribunais mediante un vínculo ou conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercitada, e isto por canto a función constitucionalmente atribuída aos sindicatos no alcanza a transformalos en gardiáns abstractos da legalidade, calquera que sexan as circunstancias en que esta pretende facerse valer. Se trata, en definitiva, de aplicar a estas persoas xurídicas asociativas singulares a mesma esixencia que se aplica a calquera outra persoa física ou xurídica para recoñecerlle a posibilidade de actuar nun proceso: ostentar interese lexítimo nel, interese profesional ou económico, un interese en sentido propio, cualificado ou específico. En definitiva, para considerar procesalmente lexitimado a un sindicato non basta con que este acredite a defensa dun interese colectivo ou a realización dunha determinada actividade sindical, dentro da denominada "función xenérica de representación e defensa dos intereses dos traballadores", senón que debe existir, ademais, un vínculo especial e concreto entre dito sindicato e o obxecto do debate no pleito de que se trate, vínculo ou nexo que haberá de ponderarse en cada caso e que se plasma na noción de interese profesional ou económico, traducible nunha vantaxe ou beneficio certo, cualificado i específico derivado da eventual estimación do recurso interposto.

5. A ampliación da lexitimación activa no procedemento administrativo e no proceso xudicial produciuse, especialmente, mediante o recoñecemento do interese lexítimo como título lexitimador, que na súa concepción xurisprudencial aparece relacionado coa obtención de calquera beneficio económico ou moral ou a evitación dun prexuízo.

A STS do 20 de xaneiro de 2009 (recurso de casación 1238/2006) considera que a lexitimación activa atribúese en función da titularidade dun dereito ou dun interese lexítimo que estea en relación co obxecto do procedemento (ou coa pretensión material que sexa obxecto do proceso). Esta relación implica, segundo constante xurisprudencia do TS, que de obterse unha decisión administrativa (ou unha sentenza) favorable, producirase á parte recorrente un beneficio ou se lle evitaría un prexuízo, patrimonial, moral, mesmo profesional, de contido concreto e efectivo. Aínda que esta xurisprudencia sempre foi proclive a entender a lexitimación nun sentido favorable ao

DECRETO
Número: 2021-2077
Data: 03/09/2021



Cod. Verificación: 9EA3H3A2T7TAQCOJZPA5ZSHZ | Corrección: <https://opormio.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xes.lionia.es/Publico | Páxina 5 a 10

seu outorgamento, non pode, con todo, ser interpretada nunha forma tan ampla que conduza a recoñecer unha acción pública en defensa da legalidade, fóra dos concretos casos en que a Lei expresamente a admita.

En calquera caso, esta lexitimación debe estar en relacionada co obxecto do procedemento de tal forma que se liga moi intimamente co fondo do asunto ou cuestión material que suscite.

Pola contra, o Tribunal Supremo non recoñece a lexitimación fundada en “*el mero interés en la legalidad*” o en “*motivos extrajurídicos, susceptibles de satisfacer apetencias, deseos o gustos personales, alejados del interes auténticamente legitimador objeto de protección legal*”.

O Tribunal Constitucional, en STC 85/2008, de 21 de xullo, ten sinalado que “*el interés legítimo se caracteriza como una relación material unívoca entre el sujeto y el objeto del procedimiento (o de la pretensión tratándose del proceso), de tal manera que el acto administrativo resultante del procedimiento (o su anulación) produzca automáticamente un efecto positivo o negativo actual o futuro pero cierto, debiendo entenderse tal relación referida a un interés en sentido propio, cualificado y específico, actual y real. Se trata de la titularidad potencial de una ventaja o una utilidad jurídica, no necesariamente de contenido patrimonial, por parte de quien inicia el procedimiento o ejercita la pretensión, que se materializaría de prosperar ésta*”.

A amplitude coa que a xurisprudencia ven interpretando a lexitimación e a substitución do concepto de interese directo polo de interese lexítimo, non chega ata o extremo de que non se condicione, en todo caso, a lexitimación á existencia dun interese real. Por dicilo con palabras do Tribunal Constitucional (STC 143/1987) o interese lexítimo, “*equivale a titularidad potencial de una posición de ventaja o de una utilidad jurídica por parte de quien solicita la iniciación de un procedimiento (o ejercita la pretensión) y que se materializaría de prosperar la correspondiente petición*” (SSTC 60/1982, 62/1983, 257/1988 e 97/1991, entre outras).

Como sinalan a doutrina do TC e a xurisprudencia do TS, a expresión “interese lexítimo” (que utiliza tamén o artigo 24.1 CE), aínda cando sexa un concepto diferente e máis amplo que o de “interese directo”, que empregaba a lexislación preconstitucional, ha de entenderse referida a un interese en sentido propio, cualificado ou específico (Sentenza do Tribunal Constitucional 257/1989, do 22 de decembro), o que no ámbito da Sala do Tribunal Supremo levou a insistir na relación unívova entre o suxeito e o acto ou resolución do procedemento administrativo (ou o obxecto da pretensión, cando se trata do proceso) e presupón, por tanto, que a resolución administrativa poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica de quen alega a súa lexitimación, e, en todo caso, ha de ser certo e concreto, sen que baste, por tanto, a súa mera invocación abstracta e xeral ou a mera posibilidade da súa acaecemento (SSTS do 4 de febreiro de 1991, do 17 de marzo e 30 de xuño de 1995 e 12 de febreiro de 1996, 9 de xuño de 1997 e 8 de febreiro de 1999, entre outras moitas; SSTC 60/1982, 62/1983, 257/1988 e 97/1991, 195/1992 E 143(1994 E ATC 327/1997).

A lexitimación como interesado presupón, por tanto, que a resolución administrativa que se adopte no procedemento poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de

DECRETO

Número: 2021-2077 Data: 03/09/2021



Cod. Validación: 9EA3H3AZT1TAC3QJZPA5ZSHZ | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10

modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica de quen alega a súa lexitimación, e, en todo caso, ha de ser certa e concreta, sen que baste, por tanto, a súa mera invocación abstracta e xeral ou a mera posibilidade do seu acaecemento.

6. O artigo 4.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) atribúe a titularidade de intereses lexítimos colectivos, nos termos nos que a lei recoñeza, ás asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais. No mesmo sentido, os artigos 7.4 Lei Orgánica do Poder Xudicial e 19.1.b) Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Isto non obsta a que un individuo con interese persoal e cualificado pode tamén actuar en defenderse por si mesmo, aínda que o procedemento e a resolución que se adopte afecte a unha pluralidade de persoas.

O punto crucial na apertura xurisprudencial da lexitimación no procedemento administrativo e no proceso foi o da defensa dos intereses colectivos e difusos. A tendencia foi, tanto no Tribunal Constitucional como no Tribunal Supremo a recoñecer a apertura da lexitimación aos individuos, asociacións e corporacións para a defensa dos intereses colectivos e difusos, especialmente naqueles casos en que, defendendo estes ante a Administración e os Tribunais, o cidadán esta defendendo o seu propio circulo vital que resulta afectado, como en materias de urbanismo, saúde e medio ambiente, cando a Lei non se adiantou a recoñecer a existencia dunha acción popular.

Constitúe principio xeral en materia de lexitimación corporativa a esixencia de que debe existir un vínculo ou conexión entre a organización que pretende intervir en procedemento administrativo e o obxecto deste, vínculo ou conexión que se visualiza mediante o exame dos fins estatutarios da Asociación ou Corporación e que se traducen na existencia ou non dun interese profesional ou económico que pode resultar afectado pola decisión que se adopte no procedemento; interese que, en calquera caso, ha de ser cualificado ou específico (STC 252/2000, do 30 de outubro).

A STC 14 febreiro 1991 lembra que ou dereito á tutela xudicial efectiva non é absoluto nin incondicionado, senón que debe someterse ao cumprimento dos requisitos procesuais que legalmente se impoñan, ou que supón que ou dereito á tutela xudicial véxase igualmente satisfeito cando a resposta obtida consiste na negativa para entrar na cuestión de fondo exposta, sempre que esa negativa atópese xustificada de maneira motivada e razoable na falta de cumprimento dous requisitos legalmente esixidos para acceder ás distintas accións recursos previstos polo ordenamento procesual (SSTC 37/1982, 93/1984 E 62/1989).

7. Cabe soste que no caso que nos ocupa (recurso fronte a base oitava das bases reguladoras do citado proceso selectivo) non se da conexión ou vínculo entre o recorrente e o obxecto do recurso.

O colexio recorrente non pode pretender outra publicación por tratarse da publicidade dunhas bases, de uso frecuente nas administracións publicas para contratación de persoal temporal que non son inadecuadas para os efectos de poder dar satisfacción ás necesidades da administración dunha contratación rápida, e áxil, e neste senso xa se ha pronunciado o Tribunal Supremo na súa sentenza de 23 de setembro de 2002, rec, 2738/1998, lembrando que as esixencias dos principios institucionais de igualdade,

DECRETO
Número: 2021-2077

Data: 03/09/2021



Cod. Validación: 9E43H9A27TTA03QJZPA5ZSHZ | Corrección: <https://oposrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xest.litona.es | Páxina 7 a 10

mérito e capacidade resaltan con todo o seu vigor cando se proxectan sobre o ingreso na función pública de carreira *“pero no pueden proyectarse con el mismo nivel de intensidad sobre el personal interino, cuya selección, como dice el precitado Auto de 12 de diciembre 1999, lógicamente exige menos rigor en la selección”*, nesta mesma liña a sentenza núm. 751/2007 de 26 de decembro do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco (Sala do Contencioso-Administrativo).

A publicidade establecida na base oitava estimamos foi suficiente pois satisfizo ao interese público facilitando a concorrencia de aspirantes (12 en total), como así se ven pronunciando en canto á publicación das bases ou convocatoria, o Tribunal Constitucional así na súa sentenza nº 85, de 25 de outubro de 1983, expresa que *“es algo esencial a la convocatoria y que ha de ser lo suficientemente eficaz para que se cumplan los principios y fines del procedimiento de selección de los que van a integrarse en los cuadros de la Administración y, en definitiva, desde la perspectiva de los aspirantes al empleo público, al servir al acceso en condiciones de igualdad a la Función Pública, derecho éste incluido en el catálogo de los derechos fundamentales (artículo 23.2 CE), y desde el lado de la Administración, al satisfacer el interés público facilitando la mayor concurrencia de aspirantes”*. A publicidade será suficiente, por tanto, cando se dea coñecemento público da necesidade da provisión da praza, posto ou contratación, das súas características esenciais e dos requisitos esixidos para a súa provisión, de forma que faga posible a concorrencia e permita efectuar a selección de acordo cos principios de mérito e capacidade, coma sucedeu no presente caso, sendo suficiente para isto que as bases e o anuncio da convocatoria se publicasen no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.oporrino.org. así como un anuncio da convocatoria no Faro de Vigo considerado uno dos periódicos de maior difusión da provincia de Pontevedra; En supostos similares como sería o dos interinos a Orden APU/1461/2002, de 6 de xuño, prevé que a publicidade só alcance aos taboleiros de anuncios, o Centro de información administrativa do MAP e a páxina web do Departamento ao que estean destinados os nomeamentos, non se esixe, por tanto, publicación das bases no Boletín oficial do Estado (BOE) nin no Boletín oficial da provincia de Pontevedra ni dos anuncios das convocatorias no BOE, a diferenza do que sucede para as convocatorias de procedementos de selección de funcionarios de carreira no Estado (artigo 15.1 do RXI Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e nas Entidades Locais (artigo 97 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local).

8. Tendo en conta o anteriormente exposto para dar resposta a se o colexio recorrente ostentaría a lexitimación activa (interese lexítimo) prevista no artigo 4 da LPACAP, hai que argumentar que o colexio recorrente carece de lexitimación por non darse os requisitos seguintes:

-Non ser titular dun dereito ou dun interese lexítimo que estea en relación co obxecto do recurso que se ligue moi intimamente co fondo do asunto. Esta relación implica, segundo constante xurisprudencia do TS, que de obterse unha decisión administrativa favorable que producise ao recorrente un beneficio ou se lle evitaría un prexuízo, patrimonial, moral, mesmo profesional, de contido concreto e efectivo.



-Non existe un interese en sentido propio, cualificado ou específico, unha relación unívova entre o suxeito e o acto impugnado que presupoñan, por tanto, que a resolución administrativa poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica do sindicato recorrente.

-Non están en xogo dereitos e intereses colectivos de traballadores.

-Non existir prexuízo económico o profesional..

-Non se acredita, polo recorrente o interese lexítimo dos seus afiliados no concello, en relación ao acto administrativo impugnado.

-Carecer dun interese lexítimo na anulación do acto impugnado, xa que só pode defender intereses colectivos e neste caso as bases recorridas afecta soamente a un proceso de selección para provisión interina de tres prazas vacantes de operarios de obras e servicios mediante contrato de duración determinada de interinidade, mediante concurso oposición. Considerándose por ende que non está en discusión un interese colectivo, de maneira que só os afectados polo concurso oposición poderían cuestionar as bases da convocatoria impugnada. Esta non produciría ningún beneficio directo e inmediato á parte recorrente, agás a defensa da legalidade.

Por conseguinte, non cabe recoñecer lexitimación ao Colexio oficial de traballo social de Galicia para accionar fronte á pura legalidade, nin para defender os potenciais intereses de futuros empregados públicos contratados dos que non ostentan a súa representación; carecendo do interese lexítimo para interpoñer o presente recurso ao non afectar o acto impugnado aos seus intereses.

En consecuencia do antedito, procede como xa quedou dito no inicio dos fundamentos de derito ditar unha resolución administrativa de inadmisión do recurso interposto, sen entrar no fondo do asunto, por falta de lexitimación activa do Colexio oficial de traballo social de Galicia.

SENGUNDO. Este órgano administrativo é competente para resolver o recurso de reposición interposto e, polo tanto, para adoptar a presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública en harmonía co artigo 209 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeneral ou concordante aplicación, esta Alcaldía,

RESOLVE

1º. Declarar inadmisíble o recurso potestativo de reposición interposto polo MIRIAN RODRIGUEZ SIERRA, en representación do COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA mediante escrito nº 2021-E-RE-3806/05-08-2021, por falta de lexitimación para recorrer.

DECRETO
Número: 2021-2077
Data: 03/09/2021



Cod. Validación: 9EA3H9AZT7TAQ3CJZPA5ZSHZ | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10

2º. Notificar esta resolución ao recorrente e publicala no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org

Contra a resolución que se propón, que poñerá fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño na data indicada á marxe.

DECRETO
Número: 2021-2077

Data: 03/09/2021



Cod. Validación: 9EA3H9A2T7TAQ3OJZPA5ZSHZ | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xes.lionia.es | Páxina 10 a 10